

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1**

### **SESION EXTRAORDINARIA 23 DE XANEIRO DE 2014**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Veloso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### NON ASISTEN:

Álvarez Pérez, José Luís  
Rodríguez Escudero, Cayetano

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e tres de xaneiro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García

Álvarez.

PRESIDENCIA: Señores/as concelleiros iniciamos Pleno do Concello en sesión extraordinaria para hoxe ás nove horas neste salón de Plenos, convocado para o día 20 de xaneiro, convocatoria en poder das señoras/es concelleiros. Constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciase co punto único da orde do día. O debate realizarase en intervencións de 10 minutos e unha quenda final de 5 minutos de peche para realizar despois a votación.

**ÚNICO (1).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 1/2014, CRÉDITO EXTRAORDINARIO. EXPTE. 2288/440 (815/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xaneiro de 2014 a concelleira delegada de Economía e Facenda, formula a proposta que consta no expediente.

Con data 7 de xaneiro, o interventor xeral do Concello informa do que segue:

“ Incoado por Resolución da Alcaldía de data 7 de xaneiro do ano en curso, tivo entrada, con data 7 do mesmo mes nesta Intervención Xeral, o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería obtido no exercicio do 2.012, e presentada a proposta de modificación acompañada da Memoria xustificativa que se inclúe na propia Resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do previsto polo artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, artigo 37.3 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

*1.- Lexislación aplicable.*

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (RP).

Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RXLEP

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).

Orde de Economía e Facenda 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades.

Bases de Execución do Orzamento.

## INFORME

O expediente de modificación orzamentaria que se tramita, contén un Crédito Extraordinario por unha contía de 5.900.000,00 euros. Os Créditos Extraordinarios son aquelas modificacións do estado de gastos do Orzamento mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio posterior, non existindo crédito específico para esta finalidade no orzamento vixente.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL) e artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP), así como na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente.

O Remanente de Tesourería que se propón como recurso para o financiamento dos empregos da modificación orzamentaria por importe de 5.900.000,00 euros, regúlase no artigos 177 e 191 de devandito corpo legal e artigos 36, 101 a 105 do mencionado Real Decreto 500/1990, así como na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira modificada pola Lei Orgánica de control da débeda comercial no sector público.

### *II.- Descrición da modificación de crédito proposta.*

A normativa que se vén citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os cales proxéctase este tipo de modificación de créditos, requisitos, por outra banda, que son comúns tanto para os suplementos de crédito como para os créditos de carácter extraordinario.

En síntese, tales requisitos concréntanse en que os gastos haberán de ter carácter específico e determinado, non podéndose demorarse para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado á finalidade específica á que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica, para o caso das dotacións de créditos extraordinarios; ou para o suposto de suplementos, a constatación de que é insuficiente o saldo de crédito non comprometido na aplicación correspondente do estado de gastos do orzamento a que se debe imputar o gasto proposto, e iso no nivel establecido na bolsa de vinculación xurídica dos créditos aprobada polo Pleno da Corporación, non podendo ser obxecto de ampliación.

Os requisitos que se esixen polo artigo 177 do TRLRFL, están excedidos polo contido da modificación do artigo 32 e pola incorporación da DA Sexta á LOEOeSF que fai a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público. A modificación da LOEOSeF, está a modificar os principios sobre os que se ampara o artigo 177 do TRLRFL, neste caso, a fundamentación dun gasto concreto e específico que non poida demorarse ao ano seguinte, non se pode ter en conta como unha condición necesaria, senón que, os empregos que vai a conformar a modificación orzamentaria, teñen unha fundamentación xurídica distinta, é dicir, os recursos que van financiar os empregos, deben ser unha consecuencia dun superávit orzamentario calculado en termos de Contabilidade Nacional, SEC-95, aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996, é a partires dese superávit,

a Entidade debe cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos, e posteriormente, aplicar os recursos de acordo a un orde preferente determinado, e só no caso que siga existindo saldo positivo, poderanse adicar os mesmos a empregos sustentables no tempo, é dicir, que non sexan xeradores de gastos futuros.

Hai polo tanto, unha falta de coherencia entre os requirimentos previstos no artigo 177 e na DA Sexta da LOEOeSF, xa que está a permitir a utilización dun superávit que se corresponde á Liquidación orzamentaria do ano 2012. A Constitución Española do ano 1978, garante o principio de legalidade e a xerarquía normativa. Neste caso, o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, é unha Lei ordinaria, mentres que a Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e a Lei Orgánica 9/2013, son Leis Orgánicas, polo tanto, é de aplicación o contido das mesmas con carácter prevalente sobre o TRLRFL.

### *III Antecedentes*

A modificación da LOEOeSF, ven a dar resposta a Disposición Adicional septuaxésima cuarta da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, na que se emprazaba ao Goberno da Nación para que, ao longo do exercicio 2013, se promovese unha modificación normativa de especial releve para as entidades locais, tal como a modificación do artigo 32 da LOEOeSF. O obxecto era o de establecer as condicións nas que se pode utilizar por parte dunha entidade local o seu superávit orzamentario calculado en termos do SEC-95.

O Goberno presentou no Pleno da Comisión Nacional de Administración Local do pasado día 16 de abril do 2013, unha proposta de reforma do artigo citado para acoller aquela finalidade. Do texto literal informouse ao citado Pleno na sesión do día 26 de xuño.

O pasado 28 de xuño de 2013, o Consello de Ministros recibiu O informe favorable do Ministro de Facenda e Administracións Públicas sobre o Anteproxecto de Lei Orgánica de control da débeda comercial no sector público, pola que se modifica a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira de 27 de abril.

A regulación que contense acerca da aplicación do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (en diante, LOEOeSF), é o dunha nova Disposición Adicional (sexta) relativa á aplicación daquel precepto por parte das Entidades Locais.

A partires de aí, a tramitación Parlamentaria levou á aprobación da Lei Orgánica de control da débeda comercial no sector público, Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, publicada no BOE núm. 305 de 21 de decembro de 2013.

Neste caso, a cuestión da xustificación, non ten outro amparo que a devandita modificación do texto legal que posibilita a utilización do superávit da Liquidación do Orzamento do ano 2012 calculado en termos do SEC-95.

Sendo o tempo no que se está a tramitar a modificación xa do ano 2014, estaremos a utilizar un superávit, que forma parte da Liquidación Orzamentaria e do Remanente de Tesourería do ano 2012, situación na que se desconoce o superávit e o RT da Liquidación do Orzamento do ano 2013. Sendo o tempo no que se está a tramitar a modificación xa do ano 2014, estaremos a utilizar un superávit, que forma parte da Liquidación Orzamentaria e do Remanente de Tesourería do ano 2012, situación na que descoñécese o superávit e o RT da Liquidación do Orzamento do ano 2013.

### *IV Requisitos que se teñen que cumprir para a aplicación dos recurso que*

*conforman o superávit SEC-95 deducido da Liquidación do ano 2012.*

Para a aplicación do superávit da Liquidación do ano 2012 e 2013 no orzamento do 2014 da medida contida na citada disposición adicional sexta, as entidades locais deben cumprir os seguintes requisitos:

1.- Será de aplicación o disposto nesta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

1.a).- Non superar os límites de endebedamento fixados nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se refire ás operacións a curto ou a longo prazo, respectivamente, é dicir, non superar o límite do 110% dos recursos liquidados por operacións correntes non financeiras deducidos dos estados consolidados, calculados de acordo ao previsto na Disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2013, coas excepcións previstas na DA Septuaxésima cuarta da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

1.b).- Liquidar o exercicio inmediato anterior (2012), dando cumprimento a:

a) Capacidade de financiamento en termos consolidados segundo criterios de contabilidade nacional e, simultaneamente,

b) Con remanente de tesourería positivo para gastos xerais unha vez minorado o seu saldo no importe das obrigas que, estando recoñecidas nos orzamentos, abonáronse no marco do mecanismo de pago a provedores regulado no ano 2012 e sempre que se financiaran con operacións de préstamo co Fondo para o Financiamento de Pago a Provedores. FFPP.

Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 da DA, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

2.- Para aplicar o superávit, ademais será necesario que o período medio de pagamento aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

Hai que entender, aínda que no caso da aplicación que vai a facer o Concello de Vigo tamén se comprobará este extremo, tal e como está redactada a DA Sexta, que o cumprimento do prazo de pagamento de acordo co previsto na Lei de morosidade comercial, tan só é aplicable ao superávit que se xere no ano 2013 e que se aplique no ano 2014, non o xerado na Liquidación do ano 2012.

3.- O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados anteriores non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12 da LOEOfSF na liquidación dos orzamentos dos anos 2013 e 2014.

#### *V Destino do Superávit*

Cumpridos os requisitos anteriores para o ano 2013 e 2014 actuarase do seguinte modo:

1º.- Tomarase o menor importe entre o superávit segundo criterios de Contabilidade Nacional ou o Remanente de Tesourería positivo para gastos xerais, sen que neste caso débese realizar o axuste citado no apartado IV da circular 12/2013 da

FEMP.

2º.- En tanto o saldo citado siga sendo de signo positivo, irase destinando sucesivamente aos seguintes fins:

a) Ao financiamento das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro do exercicio inmediato anterior (cancelación da conta 413), Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento.

b) Á amortización das operacións de endebedamento vixentes naquela contía que evite que a Entidade local incorra en déficit segundo Contabilidade Nacional en cada un dos exercicios 2013 (no que se destinará o saldo xerado en 2012) e 2014 (no que se destinará o saldo xerado en 2013), e se así o decide a entidade local o importe positivo restante poderase destinar a:

b.1) O financiamento de investimentos que sexan financieramente sustentables ao longo da súa vida útil. Mediante Lei determinaranse os requisitos formais e os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable.

b.2) No caso de que non se aplique, total ou parcialmente, ao destino anterior, deberase aplicar a contía restante a amortización adicional de operacións de endebedamento.

En relación co anterior, hai que facer algunhas precisións: En primeiro lugar, xa non cabe falar do ano 2013, xa que nestas datas, aínda que o exercicio non está liquidado, aos efectos da aplicación do superávit SEC-95 da Liquidación do ano 2012, aplicarase ao Orzamento do ano 2014. E o xerado como consecuencia da Liquidación do Orzamento do ano 2013, se existise, aplicarase ao ano 2014, sempre e cando, o devandito orzamento teña capacidade de facerlle fronte ao gasto sen entrar en déficit calculado en termos SEC-95. De aí, que antes de facer a modificación do superávit SEC-95 da Liquidación do ano 2013, proxectarase a Liquidación do ano 2014 aos efectos de avaliar o escenario orzamentario de peche.

Por outra banda, en canto ao apartado b.2), esta obriga estaba prevista na Circular 12/2013 da FEMP, que agora non se recolle na Lei Orgánica 9/2013 e na DA Sexta da Lei Orgánica 2/2012.

*VI Análise de cumprimento dos requisitos establecidos para a aplicación do superávit*

1.- Non superar os límites de endebedamento fixados nos artigos 51 e 53 do TRLRFL.

Na determinación dos "ingresos correntes" a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, unicamente computan os ordinarios, isto é: exclúranse os afectados a operacións de capital e calquera outro dos capítulos 1 a 5 que pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente non poidan considerarse como tales.

As operacións de crédito a longo prazo quedan regulamentadas na Disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2013, pola que se modifica o RD-lei 20/2011, de 30 de decembro, agora coas excepcións previstas na DA Septuaxésima cuarto da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

Ingresos liquidados por operacións correntes deducidos dos estados consolidados a 31 de decembro do ano 2012, 223.613.910,43 euros.

Débeda financeira, calculada de acordo á Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, ao

peche do orzamento do ano 2012, 55.858.573,97 de euros.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2012,  $55.858.573,97/223.613.910,43 = 24,98 \%$

A amortización extraordinaria aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 05/08/2013, máis a amortización ordinaria correspondente aos dous préstamos concertados nos anos 2011 e 2012 coas Entidades Financeiras BBVA e Novagalicia Banco, tiñan un capital pendente de amortización de 18.622.171,53 euros, que se amortizou na súa totalidade o 30/09/2013. O cálculo do endebedamento a 31/12/2013, tendo en conta esa amortización anticipada, é o seguinte:

Débeda financeira, calculada de acordo á Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, a 31/12/2013, 38.956.509,84 euros, contía que non está pechada, xa que a operación formalizada no ano 2013, por unha contía de 9.100.000 euros, está sen pechar, a esta data, consolidaría por 8.831.560,08 euros.

O MINHAP, mediante nota informativa remitida á FEMP, entende que o límite de débeda para as Entidades Locais, debe avaliarse en cada entidade tendo en conta o previsto no TRLRFL e demais normas que regulamente este índice.

Si temos en conta as estimacións de liquidación dos ingresos correntes non financeiros dos estados consolidados do ano 2013 por unha contía de 231.127.549,39 euros, aínda que esta contía non está pechada, a débeda ao peche do 2013,, vai a estar nunha porcentaxe ao redor do 16,86%.

En consecuencia co anterior, dáse cumprimento ao límite da débeda, polo tanto, ao primeiro requisito que se esixe para dispoñer do superávit.

## 2.- Ter superávit Orzamentario calculado en termos SEC-95.

En canto a Liquidación do ano 2012, o Orzamento liquidouse cun superávit consolidado de 5.964.021,40 euros, que é a contía que agora se destina aos investimentos financieramente sustentables, sendo esta contía menor co Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais. A devandita contía, está avaliada no informe de estabilidade orzamentaria que este Interventor emitiu con data 31 de xaneiro de 2013 en relación coa Liquidación do Orzamento do ano 2012, na que puxo de manifesto o cumprimento do obxectivo de estabilidade Orzamentaria e enviou ao Pleno da Corporación que tivo coñecemento do mesmo na sesión de data 25 de febreiro do 2013, dándose conta a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Facenda en data 06/03/2013, así como ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no sistema de captura da Liquidación do ano 2012.

## 3.- Ter un Remanente de Tesourería para gastos xerais positivo

O Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais que se obtivo da Liquidación do Orzamento do ano 2012, ascende a 85.841.831,13 euros, e o dos estados correspondentes a Institución Consolidada, ascenden a 89.042.165,80 euros.

O perímetro de consolidación o conforma a Entidade Local, e os Organismos Autónomos Administrativos seguintes: IMD, XMU, Vigo Zoo, EMAO.

Aos efectos de cálculo do Remanente dispoñible, para avaliar si este é maior co superávit orzamentario consolidado, vaise a partir do dato da Entidade Local, por ser este menor co consolidado.

Remanente de Tesourería para gastos xerais obtido da Liquidación da Entidade Local do ano 2012, 85.841.831,13 euros, habéndose disposto dos seguintes saldos:

Modificación 13/2013, incorporación de remanentes,  
3.303.230,78 euros

Modificación de créditos 22/2013, amortización extraordinaria préstamos,  
16.656.233,44 euros  
Remanente TGX Disponible,  
65.682.366,91 euros

Dáse cumprimento ao requisito do remanente de Tesourería para gastos xerais positivo, ademais, a contía do superávit é menor co Remanente de Tesourería, polo que pode disporse na súa totalidade.

#### 4.- Período medio de pago aos provedores da Corporación Local.

Da información que se enviou ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, informes trimestrais sobre o cumprimento dos prazos previstos no pago das obrigacións das Entidades Locais (Lei 15/2010), acredítase o cumprimento dos prazos.

A Disposición transitoria sexta do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que regula os prazos aos que se refire o artigo 216 da Lei, establece que: entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro do corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Ao efecto de dar cumprimento a este requisito, solicitouse información a Tesourería Municipal, achegándose información trimestral en relación cos anos 2012 e 2013, ademais de ser enviada ao MINHAP trimestralmente, en cumprimento do previsto do previsto no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, estase a enviar ao Pleno a información sobre o período de pagamento, que en sínteses é o seguinte:

Anos	Primeiro trimestre	Segundo Trimestre	Terceiro trimestre	Cuarto trimestre
2012	36,85	34,03	36,1	38,7
2013	33,98	22,84	25,11	Sen pechar

O prazo resultante do ano 2012 foi de 38,4 días, polo tanto, dentro dos límites previstos na precitada Disposición Transitoria do TRLCSP (40 días no ano 2012). Insistimos que esta condición non é obrigatoria para a aplicación do superávit SEC-95 da Liquidación do ano 2012, si para o que se obteña e se aplique da Liquidación 2013. No ano 2013, a media de pagamento é de 27,31 días

Os acredores pendentes de pagamento manteñen un saldo equivalente co do ano anterior, de tal xeito que a cobertura da tesourería é 2,7 veces superior ca débeda que representan os acredores non financeiros, tanto por obrigas orzamentarias como non orzamentarias.

A composición dos saldos acredores e de tesourería a 31/12/2012, é a seguinte:

De Orzamento Corrente	24.311.871,10 euros
De Orzamentos Pechados	80.400,53 euros
De saldos non orzamentarios	10.876.562,60 euros
Saldo de Tesourería	90.686.505,61 euros

Dáse polo tanto cumprimento tamén a este requisito, cumpríndose todos e cada unha das esixencias previstas na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Orzamentaria incorporada pola Lei Orgánica 9/2013.



En canto ao destino do superávit

a).- As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit calculado en termos de Contabilidade Nacional ou, se fose menor, o Remanente de Tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación.

A Entidade no ten saldo algún na conta 413 por gastos pendentes de aplicar ao orzamento. Ao peche do ano 2012, tiña unha contía de 2.501.686,25 euros, que foron imputados ao Orzamento do ano 2013, polo tanto, non hai que destinar o superávit a esta finalidade, e aínda computado a devandita contía no saldo do Remanente Líquido de Tesourería, habería saldo suficiente para aplicar os recursos, xa que seguiría sendo maior o saldo do Remanente de Tesourería para gastos xerais co saldo do superávit SEC-95. Por outra banda, o Concello, no cálculo do superávit SEC-95, xa deduciu o saldo da conta 413. Como resulta da información e datos que se están a amosar, a liquidez non está a representar un problema para esta Entidade.

b).- A Entidade non concertou operación algunha de endebedamento nin ten contía algunha pendente de devolución ao Fondo de pago a provedores en relación co RD-Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais. (RD-Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego e RD-Lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros).

c).- O destino do superávit á amortización de operacións de endebedamento vixentes naquela cantidade que evite que a Entidade Local incorra en déficit segundo Contabilidade Nacional en cada un dos exercicios 2014 (no que se destinará o saldo xerado en 2012) e 2014 (no que se destinará o saldo xerado en 2013). No caso do Concello de Vigo, non hai operacións de endebedamento que estean suxeitas a un Plan Económico Financeiro, polo que, non hai que destinar o superávit do ano 2012 a esta finalidade.

Aínda así, o Pleno da Corporación do Concello de Vigo en sesións ordinarias do 27/05/2013 e 05/08/2013, acordou unha amortización extraordinaria de débeda, que tivo os seus efectos o 30/09/2013, por estar así previsto nos contratos asinados, por unha contía de 16.656.233,44 euros.

Polo tanto, non hai que destinar ningunha contía do superávit a esta finalidade.

d).- unha vez acreditado o cumprimento do todos os requisitos para aplicar o superávit orzamentario obtido da Liquidación do ano 2012, e non tendo que aplicar o mesmo a saldar a conta 413, nin ter que amortizar endebedamento xerador de déficit nos anos 2013 e 2014, o saldo terá o seguinte destino:

O saldo positivo poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento este sexa financieramente sustentable. A estes efectos a Lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable.

Que se entende por sustentabilidade financeira

O artigo 4 e 7 da LOEOeSF, coa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de

control da débeda comercial do Sector Público, achega unha definición clara. Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial, cando o período medio de pagamento aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

Os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En consecuencia co anterior, a criterio deste técnico informante, a fórmula de garantir que a aplicación do superávit respecta este principio, é destinar a totalidade do superávit a investimento non xerador de gasto futuro, é dicir, que tódalas aplicacións do mesmo, teñan como obxectivo investimentos que xeren aforros, deste xeito, non só son sostibles no futuro, senón que xerarán menos gastos, polo tanto, tamén cooperarán a mellorar os períodos medios de pagamento.

En resumo, estamos ante o suposto regulamentado no artigo 177.1 do TRLRFL e 35 do RP, en canto a cualificación da modificación orzamentaria (Crédito Extraordinario), tamén no suposto dun gasto concreto e específico, aínda que non se teñen cumprido os principios inspiradores do lexislador en canto a aplicación deste precepto,-que non sexan demorables ao exercicio seguinte- sendo aplicable neste caso, a modificación introducida pola Lei Orgánica 9/2013 á LOEOeSF coa DA Sexta.

#### *VII.- Recurso financeiro utilizado.*

O recurso financeiro que se propón para o financiamento desta modificación de crédito é o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na Liquidación Orzamentaria do último exercicio liquidado, isto é, o exercicio do 2012, coa limitación do superávit orzamentario SEC-95.

Recurso financeiro este que admite o apartado 4 do artigo 177 do TRLRFL e o artigo 36.1.b) do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, para financiar os Créditos Extraordinarios e Suplementos de crédito. Ademais, a modificación da LOEOeSF, regula todo o procedemento para súa aplicación.

O Remanente de Tesourería para gastos xerais que se obtivo da Liquidación do orzamento do ano 2012, cuantificouse en 85.841.831,13 euros, dos que se utilizaron para financiar a modificación de orzamentos número 13/2013 (Incorporación de remanentes de crédito): 3.503.230,781 euros, de onde resulta que o saldo actual do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais ascendería a 82.338.600,35 euros A modificación orzamentaria 22/2013, cuxos empregos foron destinados a facer fronte á amortización extraordinaria de endebedamento na contía de 16.656.233,44 euros, sendo o saldo dispoñible de 65.682.366,91 euros. Agora, esta nova modificación orzamentaria para a aplicación do superávit SEC-95 por unha contía de 5.900.000,00 euros, deixaría o saldo dispoñible do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais correspondente a Liquidación do Orzamento do ano 2012 en 59.782.366,91 euros.

O cumprimento da Regra de gasto que está a establecer o artigo 12 da LOSOeSF, limita a que orzamento tanto na súa aprobación como na súa liquidación, debe estar en función da Liquidación do ano anterior multiplicada por unha porcentaxe. Tendo en conta o Orzamento aprobado definitivamente o 30 de xaneiro de 2013 e a modificación orzamentaria 01/2014, a aplicabilidade do Remanente Líquido de Tesourería para gastos

xerais, tan só é posible destinalo ao financiamento de gasto financeiro, neste caso, por ser unha excepción prevista para o artigo 32 da LOEOSF, poderase aplicar a outros empregos non financeiros, non sendo obxecto de cómputo aos efectos de dar cumprimento a Regra de Gasto. A Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de Control da débeda Comercial no Sector Público, coa modificación incorporada na LOEOeSF, engadindo unha DA Sexta, establece no seu apartado 3 da DA, que o importe do gasto realizado de acordo co previsto no apartado anterior, non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12 do precitado corpo legal.

#### VIII.- Destino dos investimentos

De acordo co establecido na Orde EHA/3565, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, o Remanente de Tesourería que financia o expediente, imputarase ao Capítulo VIII do estado de ingresos (activos financeiros), artigo 87 (Remanente de Tesourería), subconceito 870.00 (Remanente de Tesourería para de Gastos Xerais).

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros utilizados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 165.4 do TRLRFL e 16.2 do RP.

Recursos, orixes					
Concepto		Antes da modif.	Baixa	Final	
87000		65.682.366,91	5.900.000,00	59.782.366,91	
Empregos					
Aplicación	Proxecto	concepto		parcial	Importe
1550.619 0060	141550 60	Mellora redes e renovación pavimentos no camiño Oia e Rozo Oia			30.000,0 0
1550.619 0061	141550 61	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Eira Bella Saiáns			30.000,0 0
1550.619 0062	141550 62	Mellora redes e renovación pavimentos na entrada Marco Sárdoma			27.000,0 0
1550.619 0063	141550 63	Mellora redes e renovación pavimentos Camiño Pinguela en Valadares			40.000,0 0
1550.619 0064	141550 64	Mellora redes e renovación pavimentos San Cosme Zamáns			65.000,0 0
1550.619 0065	141550 65	Humanización Rúa Dr. Canoa			230.000, 00
1550.619 0066	141550 66	Humanización Praza en Martínez Garrido			290.000, 00
1550.619 0030	141550 30	Mellora redes e renovación pavimentos subida a rola en S. Roque			50.000,0 0
1550.619 0035	111550 35	Remate humanización Rúa Menéndez Pelayo Fase II			50.000,0 0
1550.619 0036	141550 36	Humanización Rúa Toledo e entorno			190.000, 00
1550.619 0037	141550 37	Mellora redes e renovación pavimentos en Lavadores Rúa S. Paio Roteas Gandarón Camiño Fermín		20000 70000 10000	170.000, 00

		Bagunda	70000	
1550.619 0038	141550 38	Humanización Ramón Nieto fronte ao Mercado de Cabral		150.000,00
1550.619 0039	141550 39	Mellora redes e renovación pavimentos camiño Fondo Castrelos		50.000,00
1550.619 0040	141550 40	Mellora redes e renovación pavimentos en Coruxo Acceso ao Pavillón Municipal Camiño Gándara	90000 20000	110.000,00
1550.619 0041	141550 41	Mellora redes e renovación pavimentos en Candeán Subida a Madroa Rúa Manuel Costas Bastos	30000 34000	64.000,00
1550.619 0042	141550 42	Mellora redes e renovación pavimentos Beade bembrive Rúa Seixo Subida a Monteira	55000 30000	85.000,00
1550.619 0043	141550 43	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Atlántida Alcabre		50.000,00
1550.619 0044	141550 43	Humanización Baixada a Ríos e Dr. Corbal en Teis Baixada a Ríos Dr. Corbal	85000 30000	115.000,00
1550.619 0045	141550 45	Humanización Rúa Coutadas Teis		335.000,00
1550.619 0046	141550 46	Alonso Ojeda, Teis		240.000,00
1550.619 0047	141550 47	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Sta. Marina Cabral		30.000,00
1550.619 0048	141550 48	Humaniz Rúa Pedreira fase II		50.000,00
1550.619 0049	141550 49	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa entrada a Balsa Matamá		30.000,00
1550.619 0050	141550 50	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Bravo en Navia		17.000,00
1650.619 0002	141650 02	Melloras enerxéticas sistemas de telexestión no rural		20.000,00
1710.619 0010	141710 10	Reforma e mellora do Parque infantil de Castrelos		390.000,00
1710.619 0011	141710 11	Melloras en Parques infantís Navia (Teuxugueiras), San Andrés (Barrio de Casas), Pizarro, Torrecedeira (Pavillón Berbes), Teis (Pedro Alvarado), Alcabre, Matamá (Ribas), Parque Seara, Praza Independencia, Bouzas (Johan Carballeira), Venezuela.		265.000,00
1710.619 0012	141710 12	Obras de reforma e equipamentos en parques biosaludables Alcabre, Cabral, Navia, Balaídos, Teis, Castrelos, T.de Vigo, Torrecedeira, Coia (Baixada a Fonte dos Barros), Lavadores, Camelias, Castrelos.		150.000,00
1710.619 0013	141710 13	Melloras e renovación e equipamentos pistas polideportivas en Par. Públicos Matamá Lavadores Torreiro Coia Petanca Valadares Coutadas Teis Outras	25000 50000 15000 50000 80000	220.000,00

1710.699 0014	141710 14	Nova Pista en Teixugueiras Navia		140.000, 00
3210.632 0001	143210 01	Obras de accesibilidade a colexios Públicos CEIP, Illas Cies	3000	300.000, 00
		“ A Dobrada	35000	
		“ Párroco D. Camilo	10000	
		“ Carrasqueira	35000	
		“ Pardo Bazán	35000	
		“ Otero Pedrayo	6000	
		“ Lope de Vega	20000	
		“ Santa Tegra	4000	
		“ Frián	35000	
		“ Sobreira	5000	
		“ Valadares-Igrexa	5000	
		“ García Barbón	3000	
		“ Balaídos	10000	
		“ Beade Coutadas	5000	
		“ Chans	10000	
		“ Santa Marina	5000	
		“ Ría de Vigo	15000	
		“ Mestres Goldar	35000	
		“ Eduardo Pondal	10000	
		“ Sello	4000	
		“ Sárdomna	10000	
34106320 010	143410 10	Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos		1.000.00 0,00
34106320 011	143410 11	Reposición céspede artificial campo fútbol de Samil		235.000, 00
34106320 012	143410 12	Reposición céspede artificial campo fútbol de Travesas		185.000, 00
34106220 013	143410 13	Novo campo fútbol 7 nas Instalacións da ETEA e accesos seguridade edificio Campo de fútbol 7. Accesos de seguridade vestiarios	11700 0 30000	147.000, 00
3360.619 0010	143360 10	Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello		350.000, 00
Total				5.900.00 0,00

Os investimentos que se relacionan como empregos do superávit, serán obxecto de fiscalización na fase procedemental oportuna, sendo nese acto cando se verifique se os mesmos teñen a cualificación de investimentos do capítulo VI da Orde de Economía e Facenda 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades ou de gasto corrente correspondente ao capítulo II da estrutura.

En canto a codificación en canto á aplicación e proxecto, en algún dos casos, establecéronse pola súa homoxeneidade, macroproxectos, aínda que tamén foi obxecto de cuantificación o proxecto que en cada caso vai con cargo ao macroproxecto. (Accesibilidade colexios, pistas polideportivas, renovación pavimentos, parques infantís, biosaludables, etc.).

#### *IX.-Cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria.*

En canto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria nos termos do previsto no art. 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e art. 4 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro,

Xeral de Estabilidade Orzamentaria, o apartado 4 do artigo 11 da LOEOeSF, establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. No ano que andamos, o obxectivo está fixado polo Goberno é de equilibrio, é dicir, non é posible liquidar en déficit.

A instrumentación deste principio, deberá estar na elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos.

A análise da incidencia que produce o expediente que se está a informar sobre os orzamentos municipais pola aplicación da Lei Orgánica 2/2012 e do RXLEP sobre o equilibrio ou superávit, entendéndose por situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, cando os Recursos financeiros son iguais ou maiores cos Empregos de igual cualificación ( $\sum$  capítulos I a VII ingresos -  $\sum$  capítulos I a VII gastos)  $\geq$  0, cos axustes preceptivos .

En igual sentido, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais coa regulación que lle está a dar, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria. O obxectivo de estabilidade ten que se estar a cumprir de xeito continuo.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012 e consisten, de non alcanzarse tal obxectivo, na obriga de aprobación polo Pleno da Corporación, dun plan económico-financieiro de equilibrio a un prazo de un ano, cos prazos de presentación, aprobación e implementación que regula o artigo 23.1 da Lei. En igual sentido, o artigo 19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, establece os requirimentos e prazos, aínda que neste último artigo, está a establecer un prazo de tres meses para a aprobación do PEF, polo que será de aplicación o previsto no artigo 23.1 da Lei Orgánica 2/2012.

O recurso que financia a modificación orzamentaria que se informa, é o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, este recurso, impútase ao capítulo VIII da estrutura do estado de ingresos (Recursos financeiro). En canto ao estado de gastos, a modificación suporá un incremento dos empregos coa cualificación de non financeiros, capítulo VI, polo que, hai alteración (desequilibrio) de recursos financeiros e empregos non financeiros, é dicir, o financiamento que está a facer o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais para facer fronte a novos investimentos, é xeradora de desequilibrios, por afectar a operacións financeiras, capítulos VIII do estado de ingresos e operacións non financeiras, capítulo VI do estado de gastos.

É dicir, a modificación orzamentaria proxectada provoca un desequilibrio en termos de Estabilidade Orzamentaria, incumprimento co previsto no artigo 11 da LOEOSF.

Das proxeccións que se está a facer da execución do estados de gastos e previsións de recadación do estado de ingresos, sempre en termos de operacións non financeiras, non parece probable que poida producirse un desequilibrio, aínda que todo vai a estar en función do índice de execución das aplicacións de gastos non financeiros e da recadación dos conceptos de igual cualificación.

Das previsións que está a facer esta Intervención, aplicando a execución media dos últimos 5 anos tanto ao estado de gastos como no de ingresos, as obrigas previstas que serán recoñecidas por gastos non financeiros serán ao redor de 222.130 mil euros. Así mesmo, en canto a recadación non financeira do orzamento corrente, aplicando o

mesmo criterio, esta será de 212.346 mil euros aproximadamente. En canto a recadación de pechados, será ao redor de 11.100 mil euros.

Na análise feita, non só se tivo en conta a proxección tomando como referencia o histórico, senón tamén, os datos reais a 27/12/2013, aínda que sen pechar a cifras finais.

É evidente que, tendo en conta a data na que se está a tramitar esta modificación, vai ter repercusión sobre as obrigas non financeiras dentro do ano 2014 e será na execución dese orzamento cando afloren as obrigas aos efectos do gasto non financeiro cos efectos sobre a estabilidade orzamentaria.

En resumo, a modificación orzamentaria en trámite, xera un desequilibrio orzamentario inicial en termos do SEC-95, aínda que, as proxeccións técnicas de execución están a prever que os investimentos terán que ser financiados co superávit do ano 2012, con cargo ao Remanente do ano 2012, polo que, a todos os efectos, terán a súa contabilización é repercusión no orzamento do ano 2014.

Xuntamente con estes investimentos, hai outros 5,2 millóns que van a ter o mesmo tratamento, trátase da incorporación de remanentes do ano 2013, polo que, estamos a prever, que hai algo máis de 11 millóns de euros do capítulo VI, investimentos, que van a ter unha materialización no ano 2014, aínda que, o seu financiamento teña o orixe no orzamento do ano 2013 ou no remanente de tesourería correspondente a Liquidación orzamentaria do ano 2012. Isto require, que a execución do orzamento do ano 2014, este sometido a unha constante vixilancia, todo elo aos efectos de garantir que a súa execución este dentro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Tendo en conta a media de recadación de exercicios pechados, esta sería suficiente para facer fronte ás obrigas que xurdan da execución da incorporación de remanentes máis as que xurdan da execución do superávit do ano 2012, a partires de aí, hai que buscar o equilibrio entre a execución dos gastos orzamentarios non financeiros e a recadación dos recursos do orzamento vixente das mesma cualificación.

O artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RXLEP, establece que, a aprobación do plan económico-financeiro polo Pleno da entidade local poderá efectuarse na mesma sesión que a correspondente á aprobación do orzamento xeral ou das modificacións ao mesmo que sexan da súa competencia, mediante acordo específico e separado do de aprobación do orzamento, no caso de que sexa o propio orzamento inicial ou modificacións posteriores as que incumpran o obxectivo. En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do plan é de tres meses a contar desde a aprobación do orzamento xeral ou as súas modificacións.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior as modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesouraría para gastos xerais, as cales non precisarán de elaboración de Plan económico financeiro até a liquidación do orzamento, no seu caso.

Estamos polo tanto nesa situación, dun desequilibrio xerado por unha modificación orzamentaria financiada con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, quedando por elo condicionado o equilibrio á Liquidación do orzamento do ano 2014.

#### *X.- Cumprimento da Regra e Teito de Gasto*

En canto ao cumprimento da Regra e o Teito de gasto que regula o artigo 12 da LOEOSF, e o desenvolvemento da Orde do MINHAP 2105/2012, de 1 de outubro, así como a segunda edición da guía para o cálculo da Regra de Gasto, para a determinación das obrigas máximas para o ano 2013, deberase ter en conta a seguinte información:

O gasto financiado co superávit orzamentario non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto contida no artigo 12 da LOEPSF,

cuxo apartado 2 establece que:

Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

En consecuencia, inclúese unha excepción a esta definición de gasto computable.

En canto a execución do Orzamento prevista e informada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a 30 de setembro de 2013 e previsións até o 31 de decembro, os límites son os seguintes:

Límite legal aos efectos da Liquidación consolidada do ano 2012 tendo en conta a TRCPIB		
$\Sigma$ LGC 2012 x TRCPIB $\pm$ Cambios normativos $\geq$ $\Sigma$ LGC 2013		
Liquidación ano 2012,		207,76
millóns de euros		
TRCPIB (1,7%)	211,29	"
Aumentos e diminucións normativas		1,99
"		
Límite gasto computable, liquidación ano 2013,		213,28
"		
Previsión de Liquidación ano 2013,		213,27
"		

Para o cálculo, terase en conta a 2ª edición da Guía para a determinación da regra de gasto do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

$$TV \text{ Gasto computable} = (( \text{Gasto computable ano } n / \text{Gasto computable } n-1) - 1) \times 100.$$

Hai que matizar, que a fórmula de cálculo da Regra de Gasto é distinta que a tida en conta para o cálculo da Estabilidade orzamentaria. No primeiro caso, non se toma en consideración no seu cómputo, nin os gastos financeiros das operacións de endebedamento, nin o gasto financiado con financiamento específico da UE, da Administración Xeral do Estado, da Comunidade Autónoma ou de calquera outra administración. Tampouco computarán as obrigas xeradas por transferencias da Entidade a outras Administracións. Si houberse venda de algún inmovible, computaría pero ao mesmo tempo deduciría cun resultado neutro.

En canto ao cálculo da Estabilidade Orzamentaria, tomarase o gasto computable dos capítulos I a VII, cos axustes que establece o Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda (Intervención Xeral da Administración do Estado), 1ª edición, e dicir, aqueles que poidan ser axustables como maior ou menor déficit, por estar computado nunha das administracións o gasto e non o ingreso na outra o que estaría a xerar desaxustes na consolidación do devandito sector.

A modificación que ten como recurso de financiamento o Superávit da Liquidación orzamentaria do ano 2012 co límite do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, non afecta ao Teito de Gasto, polo que o gasto executado nas aplicacións que conforman os empregos, non é computable de acordo ao previsto pola modificación introducida pola Lei Orgánica 9/2013 á LOEOeSF coa DA Sexta.

En resumo, o expediente cumpre co previsto no artigo 12 da LOEOSF.

*XI.- Sustentabilidade financeira*



En cumprimento do previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, enténdese por tal, a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea. Así mesmo, o artigo 7 do mesmo corpo legal, establece que os actos administrativos, os contratos e os convenios, deberán avaliar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Na mesma liña, o artigo 12, supedita o gasto ao cumprimento da regra e do teito de gasto, que non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

A memoria de data 7 de xaneiro e a Resolución da Alcaldía de data 8 de xaneiro de 2014, en cumprimento do previsto na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente, está a facer unha valoración dos investimentos, todos eles nun principio, non xeradores de gasto futuro. Polo tanto, a modificación orzamentaria, nun principio, segundo os informes, non só non é susceptible de producir cargas que poidan alterar a sustentabilidade financeira, senón que se está a conformar como un instrumento xerador de aforros.

A modificación introducida pola Lei Orgánica de control da débeda comercial no sector público, está a limitar a utilización deste superávit. Este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable. A estes efectos, a Lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable.

Sen que a esta data a Lei determinase os requisitos, consideramos que os investimentos deber ter esa condición de xeito inequívoco, de tal sorte que, calquera que sexa a redacción da Lei, non altere a posición deste informe en relación co contido dos investimentos que son obxecto da aplicación do superávit.

Todos os investimentos en humanizacións, investimentos de reposición en infraestruturas en bens destinados ao uso xeral, investimentos en mellora da eficiencia enerxética (cambio de lámpadas e luminarias a un sistema máis sustentable, cambio de caldeiras ou outros mecanismos que xeren un aforro real de combustibles, reposición de pistas deportivas, reposición de terreos de xogo, accesibilidade a edificios ou escolas, etc) ou calquera outro que sexa cuantificable o aforro futuro ou non incremento do gasto, terá cabida nesta modificación.

En ningún caso, poderase destinar este recurso ao financiamento ou remate de investimentos que sexan xeradores de gastos novos de funcionamento ou de mantemento, nin pode ter aplicación a gasto corrente, coa excepción do saldo da Conta 413.

Os investimentos proxectados, están a xustificar un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, na maioría dos casos, son investimentos de reposición que van a deferir no tempo, a necesidade de recursos para o seu funcionamento operativo ou de mantemento ordinario, por supor estes investimentos unha posta ao día dos mesmos, en consecuencia, están conformados como instrumentos xeradores de aforro, e en ningún caso, xeradores de gastos non financeiros por enriba dos actuais.

En resumo, o expediente cumpre co principio básico de sustentabilidade financeira prevista para a aplicación do superávit en termos do SEC-95, ademais da prevista no artigo 4 da LOEOSF, substanciada nos aforros que se van a producir nos próximos anos polos investimentos de reposición.

### *XII.-Tramitación e aprobación do expediente.*

Ao amparo do previsto nos artigos 177.2 do TRLRFL e 38 do Real Decreto 500/90, será de aplicación ao expediente, as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e o réxime de recursos na xurisdición contencioso-administrativo aplicables aos Orzamentos, é dicir:

- ✓ Proposta coa Memoria xustificativa do Presidente.
- ✓ Informe preceptivo do Interventor.
- ✓ Ditame da Comisión Informativa competente en materia de Facenda, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
- ✓ Aprobación provisional polo Pleno da Corporación.
- ✓ Non se require quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será aplicable o réxime xeral da maioría simple de votos a favor (Artigo 47 da Lei 7/1985).
- ✓ Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante o devandito prazo ante o Pleno.
- ✓ O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).
- ✓ O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no Boletín Oficial da Provincia.
- ✓ Da concesión do crédito extraordinario definitivamente aprobado, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e quedará a disposición do público.
- ✓ A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.
- ✓ Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.
- ✓ A modificación entrará en vigor unha vez produciuse a publicación no BOP, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.
- ✓ Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.
- ✓ De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRFL e 20.6 do RP, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

### *XIII.- Conclusión*

Visto o contido do expediente relativo a modificación de créditos nº 01/2014 e a proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda de data 8 de xaneiro, esta Intervención Xeral conclúe:

A entidade está a cumprir todos os requisitos esixidos para facer unha aplicación

dos recursos que conforma o superávit calculado en termos do SEC-95 deducidos da Liquidación orzamentaria do ano 2012.

A Entidade ten un coeficiente de endebedamento correspondente ao peche do ano 2012 do 24,98% e , tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión do 05/08/2013, o endebedamento quedou a 30/09/2013, no 20,72%.

O endebedamento ao peche do ano 2013, tendo en conta a Liquidación dos dereitos liquidados do ano 2012, é do 17,43%.

Si temos en conta as estimacións da liquidación do ano 2013, a débeda vai a estar nunha porcentaxe ao redor do 16,86%, xa que os dereitos liquidados por operacións correntes non financeiras derivadas dos estados consolidados son por unha contía de 231 millóns de euros aínda sen pechar oficialmente as cifras, por existir ingresos na tesourería pendentes de aplicación.

En todo caso, a porcentaxe do endebedamento ao peche do ano 2013, vai estar 8 puntos por debaixo da que correspondeu ao peche do ano 2012.

Ten un Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais positivo maior co Superávit SEC 95. ascende a 85.841.831,13 euros na entidade, e o dos estados correspondentes a Institución Consolidada, ascenden a 89.042.165,80 euros.

Da Liquidación orzamentaria do ano 2012, o superávit Orzamentario calculado de acordo ao previsto na LOEOSF en termos do SEC 95, é de 5.964.021,40 euros .

Os empregos do superávit SEC 95, están destinados a financiar investimentos que ao longo da súa vida útil son financieramente sustentable, é máis, estanse a conformar como xeradores de aforro.

Os investimentos que se relacionan na memoria do expediente, son concretos e específicos, segundo a mesma, a súa execución non é demorable até o exercicio seguinte.

En canto ao cumprimento da Regra de Gasto, non computan, polo que o seu efecto é neutro.

O recurso financeiro proposto como financiamento para a modificación de créditos que é obxecto de informe, axústase ao previsto no artigo 177.4 do TRLRFL e artigo 36.1 do RD 500/1990, sendo o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais un dos recursos previstos no ordenamento xurídico citado.

Os requisitos que se esixen polo artigo 177 do TRLRFL, están excedidos polo contido da modificación do artigo 32 e DA Sexta da LOEOeSF. A modificación da LOEOeSF, está a modificar os principios sobre os que se ampara o artigo 177 do TRLRFL, neste caso, a fundamentación dun gasto concreto e específico que non poida demorarse ao ano seguinte, non se pode ter en conta como unha condición necesaria, senón que, os empregos que vai a conformar a modificación orzamentaria, teñen unha fundamentación xurídica distinta, é dicir, os recursos que van a financiar os empregos, deben ser unha consecuencia dun superávit orzamentario calculado en termos de Contabilidade Nacional co SEC, é a partires dese superávit, a entidade debe cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos, e posteriormente, aplicar os recursos de acordo a un orde preferente determinado, e só no caso que siga existindo saldo positivo, poderanse adicar os mesmos a empregos sustentables no tempo, é dicir, que non sexan xeradores de gastos futuros.

O gasto é concreto e específico, estando xustificada a modificación orzamentaria

que é obxecto de informe. Así a memoria acredita non só a súa especificación, senón a necesidade de non demorar os mesmos até o ano 2015

A modificación orzamentaria non da cumprimento ao previsto no artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a modificación suporá un incremento dos empregos coa cualificación de non financeiros, capítulo VI, polo que, hai alteración (desequilibrio) de recursos financeiros e empregos non financeiros, é dicir, o financiamento que está a facer o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais para facer fronte a novos investimentos, é xeradora de desequilibrios, por afectar a operacións financeiras, capítulos VIII do estado de ingresos, e operacións non financeiras, capítulo VI do estado de gastos.

Das previsións que está a facer esta Intervención, aplicando a execución media dos últimos 5 anos tanto ao estado de gastos como no de ingresos, as obrigas previstas que serán recoñecidas nos gastos non financeiros serán ao redor de 222.130 mil euros. Así mesmo, en canto a recadación de corrente, aplicando o mesmo criterio, esta será de 212.346 mil euros aproximadamente. En canto a recadación de pechados, será de 11.100 mil euros.

Polo tanto, de cumprirse todas as premisas, calculadas a partires dunha situación real que xa foi comunicada ao MINHAP correspondente aos tres trimestres do ano, darase cumprimento ao previsto no artigo 11 da LOEOSF, de non ser así, habería que seguir o procedemento que regula o artigo 23 da devandita Lei.

Tendo en conta que a modificación orzamentaria vai ter a súa repercusión no ano 2014, en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, ao abeiro do previsto no artigo 21 do RXLEP, ao ter financiamento co Remanente de Tesourería para gastos Xerais, a súa análise farase coa Liquidación do ano 2014, non sendo necesario tramitar e aprobar un Plan Económico financeiro. A execución do orzamento do ano 2014, estará suxeito a unha maior vixilancia, xa que, como se informou, ademais desta modificación que afecta ao obxectivo do superávit, tamén afectará a incorporación de remanentes, que vai estar ao redor dos 5,2 millóns de euros.

En canto ao cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, o gasto financeiro que xera esta modificación orzamentaria e a súa execución, non será computable, sendo esta unha modificación que incluíu a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, coa incorporación da DA Sexta.

En consecuencia, non vai supor incremento algún no gasto non financeiro en termos do SEC-95, por conseguinte, sen efectos no cómputo do teito de gasto.

Dáse cumprimento ao principio de sustentabilidade financeira, xa que está a mellorar tanto os efectos sobre o Orzamento do ano 2014 como nos futuros orzamentos, por estar a diminuír custo de mantemento ou de gasto financeiro. Así mesmo, tamén está a mellorar o ciclo orzamentario e financeiro, ao ter que dotar si cabe menor contía aos gastos de mantemento das infraestruturas destinadas ao uso xeral.

O órgano proposto para a aprobación do expediente, de acordo ao previsto no artigo 177.2 do TRLRFL, artigo 38.1 do Real Decreto 500/1990, artigo 123.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, é o competente, o Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa e aprobación previa da Xunta de Goberno Local.

A tramitación administrativa do expediente é a axustada a Dereito.  
En consecuencia, infórmase favorablemente.

Si a Lei que se tramite para definir os criterios de sustentabilidade alterasen o contido da tramitación deste expediente, habería que facer as adaptacións legais que fosen necesarias para axustar o contido do mesmo as especificacións da norma.”

A Xunta de Goberno Local na sesión de data 9.01.14, aproba o Proxecto de Modificación Orzamentaria nº 01/2014.

A Xunta de Voceiros, na súa sesión do 10 de xaneiro de 2014, acordou por unanimidade dos seus membros actuar en substitución da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación a efectos do sinalado no artigo 90 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno, e abrir ata o día 17 de xaneiro ás 14,00 horas, un prazo para que os grupos municipais presentaran as emendas que estimasen oportunas.

No prazo establecido o grupo municipal do Partido Popular presenta a seguinte emenda:

“O Grupo Municipal do Partido Popular propón, en canto ás aplicacións dos fondos, modificar a partida 3410.6220013 (Proxecto 14341013) “Novo campo **fútbol 7** nas instalacións da ETEA e accesos de seguridade ao edificio” por unha partida na que se contemple a creación dun campo de **Fútbol 11**, mantendo os accesos de seguridade ao edificio.

Esta modificación baséase na solicitude que dende fai tempo veñen realizando veciños e 14 colectivos do barrio de Teis (achégase solicitude realizada ao Concello) que a consideran tecnicamente posible e que dotaría unha instalación para competicións nacionais e que satisfaría a gran demanda desta instalación que segundo nos transmiten os afectados hai nesta zona.

En canto á modificación económica da partida, en caso de existir un maior custe, entendemos que sería perfectamente asumible na contía do expediente tendo en conta a media das baixas que están a aplicar os concorrentes aos distintos concursos de obras que está a realizar o Concello.”

O Interventor Xeral con data 20.01.2014 emite o seguinte informe respecto da emenda:

“A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 9 de xaneiro de 2014, aprobou a modificación de Orzamentos nº 1/2014, Crédito Extraordinario, correspondente á aplicación do superávit SEC-95 correspondente á Liquidación do ano 2012. O día 10 do mesmo mes, os grupos municipais que conforman o Pleno da Corporación, acordaron establecer o prazo até o día 17 para presentación de emendas, que unha vez resoltas, convocarase a Comisión Informativa para o

preceptivo Ditame.

No prazo fixado, polo Sr. Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Miguel Fidalgo Iglesias con data 17/01/2013, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 823/1101, presentou unha emenda parcial, propondo unha modificación do empregos de recursos na aplicación 3410.6220013, proxecto 14341013, na que está prevista entre outras, a aplicación para a construción dun campo de fútbol 7, propondo a emenda, a substitución por outro de fútbol 11.

Aos efectos de que esta Intervención emita informe, o Sr. Secretario do Pleno en data 17/01/2013, remitiu unha copia da mesma, que é sobre a que se está a emitir o informe.

#### *Destino do Superávit*

1º.- Tomarase o menor importe entre o superávit segundo criterios de Contabilidade Nacional ou o Remanente de Tesourería positivo para gastos xerais.

2º.- En tanto o saldo citado siga sendo de signo positivo, irase destinando sucesivamente aos seguintes fins:

a) Ao financiamento das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro do exercicio inmediato anterior (cancelación da conta 413), Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento.

b) Á amortización das operacións de endebedamento vixentes naquela contía que evite que a Entidade local incorra en déficit segundo Contabilidade Nacional en cada un dos exercicios 2013 (no que se destinará o saldo xerado en 2012) e 2014 (no que se destinará o saldo xerado en 2013), e se así o decide a entidade local o importe positivo restante poderase destinar a:

b.1) O financiamento de investimentos que sexan financeiramente sustentables ao longo da súa vida útil. Mediante Lei determinaranse os requisitos formais e os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable.

Tendo en conta todas as limitación que xa se fixeron constar no informe emitido por esta Intervención en data 07/01/2014, a contía do superávit adicouse na súa totalidade a investimentos sustentables.

*Condición que teñen que respectar as emendas que se presenten á modificación orzamentaria.*

Tendo en conta a singularidade legal desta modificación orzamentaria, as emendas que se presenten a devandita modificación, deben dar cumprimento a dous requisitos:

De carácter xeral

1.- Axustarse ao previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 31 de maio de 2010 e publicado no BOP nº 180 do 17 de setembro de 2010, deben respectar o equilibrio.

De carácter específico

2.- Así mesmo, dar cumprimento ao previsto na Lei Orgánica 9/2013, de

20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, publicada no BOE núm. 305 de 21 de decembro de 2013, que supón a modificación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF), coa modificación entre outros, do artigo 32 da LOEOeSF, é unha nova Disposición Adicional (sexta), relativa á aplicación do superávit en termos do SEC-95, correspondente a Liquidación do ano 2012 e do ano 2013, aínda que no caso que nos ocupa, o superávit é o do ano 2012.

A súa vez, nesta segunda condición, ademais, tense que cumprir de que os empregos teñan a súa aplicación segundo os criterios regulamentados na DA Sexta da LOEOe SF, tanto en termos de sustentabilidade como nos termos cuantitativos, xa que, o límite na aplicación dos empregos ven determinado polo superávit SEC-95 da Liquidación do ano 2012.

#### *Informe*

Sobre o cumprimento dos requisitos de tipo cuantitativo, a verificabilidade da súa contía, do destino do superávit, sobre a condición da modificación, sobre o cumprimento da Regra de Gasto, sobre o cumprimento da Estabilidade Orzamentaria e demais extremos, o órgano fiscalizador xa se pronunciou no seu informe de data 07/01/2013.

Examinadas as preceptivas limitacións, a emenda que se presenta propón unha alteración cualitativa dos empregos, sen que elo supoña un incumprimento do previsto na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, que opera pola modificación incorporada pola Lei Orgánica 9/2013.

En canto a contía prevista na proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda de data 07/01/2013 é a seguinte:

3410622001 3	14341013	Novo campo fútbol 7 nas Instalacións da ETEA e accesos seguridade edificio Campo de fútbol 7. Accesos de seguridade vestiarios	11700 0 30000	147.000,0 0
-----------------	----------	--	---------------------	----------------

Para a construción do campo de fútbol 7 nas Instalacións da ETEA, hai previsto unha contía de 117.000 euros.

Descoñécese, si a contía necesaria para a construción dun campo de fútbol 11, os recursos previstos na proposta da Sra. Concelleira de Economía e Facenda serían suficientes ou non.

En todo caso advertir, que non sería posible tramitar unha modificación orzamentaria adicional, xa que o superávit que posibilita a o artigo 32 e a DA sexta da LOEOeSF, está a ser utilizado na súa totalidade, polo que, calquera outro recurso distinto deste, tería un tratamento legal distinto, xa que estaría a computar no teito de gasto, polo que sería necesario facer unha análise distinta e verificar o cumprimento desta limitación. Os empregos deste superávit SEC-95, non están suxeitos a esa condición, é dicir, as obrigas que se xeren na execución desta modificación orzamentaria, non serán computables no capítulo VI do estado de gasto aos efectos de facer o cómputo da Regra de Gasto na Liquidación do ano 2014.

Ademais do anterior, o proxecto técnico que se tramite, ten que ser completo. O artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se

aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

Cando o obxecto do contrato admita fraccionamento e así se xustifique debidamente no expediente, poderá preverse a realización independente de cada unha dos seus partes mediante a súa división en lotes, sempre que estes sexan susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional, ou así o esixa a natureza do obxecto.

### *Conclusión*

Polo tanto, a emenda presentada polo Sr. Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Miguel Fidalgo Iglesias con data 17/01/2013, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 823/110, sempre e canto non supoña un aumento na contía dos empregos e non sexa susceptible de producir gastos adicionais no futuro, é dicir, sexa sustentable, é axustada a Dereito, tratándose dunha alternativa á aplicación do superávit SEC-95 da Liquidación do ano 2012.

En consecuencia co anterior, para verificar se o orzamento do proxecto técnico para a construción dun campo de fútbol 11 e o mesmo en termos cuantitativos co da construción dun campo de fútbol 7, tería que pronunciarse un técnico competente na materia, e só entón, me podería pronunciar sobre os aspectos cuantitativos da emenda, que como informo, desde a perspectiva cualitativa, é susceptible de aceptar a trámite.

Isto é todo o que teño que informar en relación coa emenda presentada.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión extraordinaria e urxente do 20 de xaneiro, ditaminou favorablemente a emenda presentada e a proposta co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

### DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: Hoxe traemos a este Pleno extraordinario unha modificación orzamentaria que contén un paquete de investimentos por un importe de 5.900.000 euros que van ser financiados co superávit obtido no ano 2012. A modificación que se trae hoxe ao Pleno da Corporación ten como obxectivo atender ás necesidades dos cidadáns dando resposta ás súas demandas e facendo no conxunto da cidade, no centro, nos barrios e nas parroquias, cumprindo así coa máxima de que tódolos cidadáns son iguais, que en Vigo xa non hai cidadáns de primeira e de segunda, todos son de primeira.

Antes de entrar no contido dos investimentos gustaríame determe uns minutos



no por que desta proposta, porque señores/as concelleiras e moi importe que os cidadáns de Vigo saiban de onde veñen os recursos cos que se van facer as actuacións que se propoñen en toda a cidade e porque a nosa cidade conta con esta capacidade de financiamento.

Como vostedes saben o Goberno de España modificou a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira á demanda da Federación Española de Municipios e Provincias, sendo uns dos seus promotores o seu vicepresidente, o Alcalde de Vigo. O obxectivo da modificación era premiar a aqueles concellos que xestionan ben, e dicir que gastan con rigor o que recadan e baixo o principio do bo uso dos recursos públicos. Nós, somos dos concellos que son recoñecidos pola boa xestión económica e orzamentaria, de feito somos un Concello modélico a nivel galego e estatal.

Non actuar con rigor e fiel cumprimento das leis sería unha absoluta irresponsabilidade porque cando non se xestionan ben as contas son os cidadáns os que sofren nas súas propias carnes a mala xestión dos seus gobernantes, por iso este Goberno Municipal, o seu Alcalde decidiu dende o primeiro día xestionar con rigor é responsabilidade. Esta xestión sería, rigorosa, cumprindo a lei é o que permite que hoxe podamos traer esta modificación orzamentaria e este importante volume de investimento, repito, somos un Concello modelo no cumprimento dos requisitos que establece a lei e todo isto sendo o Concello que máis inviste en Política Sociais e de Emprego. Temos un endebedamento do 17%, e estamos en execución dun Plan encamiñado á débeda cero, este é un fito histórico na nosa cidade, algo que non se lembra nesta administración, seguramente non hai ningún outro concello en España e en Europa que camiñe cara á débeda cero. Temos liquidado o exercicio 2012 cun remanente de Tesourería positivo, superamos con creces os prazos de pago que establece a Lei de morosidade, neste momento facémolo en 27,5 días e de forma inmediata o período medio vai estar por debaixo dos 25 días. Non temos préstamo en relación cos distintos plans de pago a provedores aprobados polo Goberno da Nación, isto é moi importante porque nos permite reducir custes, xa que non estamos a pagar custos financeiros por eses préstamos como si fan a maioría dos concellos.

Por último, non temos operacións ou saldos pendentes de aplicar ao Orzamento aínda tendo que facer fronte a un importante volume de gastos por sentenzas xudiciais, por actuacións de tempos pasados. En definitiva, as contas públicas

dos vigueses están saneadas e o que é máis importante, controladas, e por este motivo polo que hoxe dispoñemos deste financiamento adicional de case seis millóns de euros. Seis millóns de euros de superávit que hoxe podemos investir no ámbito do público, que hoxe devolvemos á cidadanía en forma de infraestruturas, equipamentos, servizos e dotacións. Demostrase así que unha boa xestión repercute moi positivamente nas persoas, nos cidadáns aos que representamos, por iso, é tan importante xestionar con responsabilidade e moita prudencia.

A modo reflexión, quero lembrarlles, aínda que sei que todos vostedes o saben, que evitar entrar en déficit é hoxe unha prioridade política, entrar en déficit é moito máis que ter unha mala xestión económica, ten consecuencias moi negativas para a vida dos nosos concidadáns, entrar en déficit é de forma case automática aprobar un plan de axuste que nos levaría a ter que reducir gastos, prestacións, subvencións, menor volume de investimento, menor inversión para a creación de emprego. Entrar en déficit é ter que aumentar os ingresos, polo tanto unha maior presión fiscal, aumentar taxas, prezos públicos e impostos.

Sempre son os cidadáns o prexudicados pola mala xestión, por iso nós, gobernantes desta cidade, adoptamos sempre as decisións tendo en conta os intereses preferentes, os dos cidadáns. Esta boa xestión permítenos conxelar o prezo do transporte urbano colectivo e o prezo da auga no ano 2013 e 2014, conxelar o prezo da recollida do lixo, conxelar no 2014 tódalas taxas e impostos, só é posible aplicar estas políticas fiscais se se teñen unhas boas contas, unhas contas saneadas. Só se pode aprobar hoxe estes investimentos se se logra ter superávit.

En definitiva, o Goberno Municipal trae esta modificación orzamentaria que permitirá unha inversión de 5.900.000 porque o Concello da cumprimento como ningún outro aos requisitos que esixe a lei. Isto vai permitir facer obras en tódolos barrios e parroquias de Vigo, vai permitir que se mellore a accesibilidade nos colexios públicos da cidade, permitirá que se melloren os parques para nenos e que haxa máis biosaudables, usarase para renovar e equipar pistas deportivas e campos de fútbol. Hoxe podemos dicir que é un bo día para a cidade de Vigo, hoxe están de parabén Matamá, Valladares, Saiáns, Oia, Sárdoma, Zamáns, Martínez Garrido, San Roque, Menéndez Pelayo, O Calvario, Lavadores, San Paio, Roteas, Castrelos, Coruxo, Candeán, Beade, Bembrive, Alcabre, Teis, Navia, Coia,

Balaídos, Torrecedeira, Camelias, Casco Vello e tantas e tantas parroquias, barrios da nosa cidade, hoxe están de parabén os rapaces que estudan nos colexios públicos da cidade, os nosos nenos/as, os nosos maiores, os nosos deportistas, porque hoxe aprobamos investimentos que van permitir mellorar a vida da nosa xente.

Tódalas propostas de investimentos que traemos a aprobación, son froito das peticións feitas pola cidadanía, nos estamos sempre na rúa, entre a xente, escoitándoos e dando resposta ás súas demandas porque son demandas xustas. Con tódalas actuacións que propoñemos imos seguir avanzando na transformación da cidade, unha transformación como nunca ocorrera en Vigo, e o máis relevante, van ser unha importante fonte de xeración de emprego, o gasto público en investimentos ten, como vostedes saben, unha enorme capacidade de creación de postos de traballo, e nestes momentos esta é a gran prioridade, vanse crear moitos postos de traballo que permitirán aliviar a angustiada situación de moitos vigueses/as. Esta é a mellor noticia destes investimentos que hoxe aprobamos, por iso cremos que esta modificación orzamentaria debe ser apoiada e por iso pedimos o voto favorable, porque é bo para a cidade.

SRA. VELOSO RÍOS: Hoxe traemos a este Pleno unha modificación orzamentaria para a realización de investimentos na aplicación do superávit correspondente ao Orzamentos do 2011, que inclúen distintas actuacións que foron propostas polo Bloque Nacionalista Galego xa no mes de agosto de 2013, propostas que foron reiteradas posteriormente a finais de ano porque daquela aínda non sabíamos que pretendía facer este Goberno cos 5.900.000 euros. A nós preocupábase que estes cartos que se ían dedicar a investimentos servisen para continuar reforzando unha realidade dos últimos tempos que contradi as palabras da Sra. Silva na súa intervención, e é que nesta cidade hai e houbo durante este tempo cidadáns de primeira e de segunda. A nós preocupábase que houbera barrios e parroquias da nosa cidade que seguisen abandonados mentres se continuaban a facer obras de mal chamada humanización con fins puramente estéticos no centro da cidade. Nós tiñamos unha serie de reivindicacións feitas por veciños/as de distintos barrios e parroquias que quixemos recoller e trasladar para demandarlle a este Goberno que utilizase estes cartos para que non seguise habendo cidadáns de primeira e de segunda, cidadáns que ven como cada día

rompe unha canalización outra vez máis no seu barrio, cidadáns que ven como non teñen unha rede de saneamento adecuada no seu barrio ou parroquia, ou cidadán que ven que non teñen unha beirarrúa pola que camiñar, ou un paso de cebra polo que cruzar.

Nós queríamos tamén chamar a atención sobre cidadán/ás, nenos e nenas que teñen dificultades para acceder aos seus centros de ensino aos que hai que garantirles a accesibilidade para poder gozar dun dereito básico como é a Educación, ou o lecer e que teñan tamén parques infantís adaptados e accesibles para tódolos nenos/as da nosa cidade. Tamén queríamos chamar a atención sobre a situación dalgunha zona en particular da nosa cidade como o Casco Vello no que se fixeron investimentos moi importantes para recuperalo e que leva nos últimos tempos sufrindo unha situación de abandono e deterioro importante.

Por iso quixemos facer todas estas propostas, efectivamente están recollidas e nós felicitámonos de que estes cartos poidan servir para atender a unha parte da cidadanía que leva tempo desatendida, pero tamén é certo que a estas alturas de ano, nós aquí hoxe non deberíamos estar aprobando unha modificación orzamentaria para executar un plan de investimento, senón que teríamos que estar aprobando un Orzamento para 2014, porque as necesidades desta cidade van moito máis aló deste tipo de investimentos, as necesidades para crear emprego e para atender dende os servizos sociais a persoas e familias que están atravesando situacións dramáticas na nosa cidade, esixen responsabilidade e esa responsabilidade ten que traducirse na elaboración, debate e aprobación duns orzamentos para esta cidade, da mesma maneira que ten que traducirse nunha correcta execución dos orzamentos dos que xa nos dotamos no exercicio anterior e que foron aprobados neste Pleno. A xestión seria e rigorosa dos orzamentos non se limita a cumprir a lei, só faltaba que se executasen sen cumprir a lei, pero a responsabilidade na xestión vai moito máis aló, e a responsabilidade vai na correcta xestión para achegar ós recursos ás persoas que máis o necesitan, de partidas como o Plan Social contra a Crise, ou á correcta xestión dos recursos para darlle bolsas de comedor a tódolos nenos/as desta cidade que o solicitaron tal e como se prometeu, pero no seu momento cando é preciso que é cando se inicia o curso escolar, ou é a correcta xestión para dar apoio aos movementos sociais, culturais e veciñais desta cidade que a través do traballo colectivo melloran a calidade de vida das persoas, ou responsabilidade é un bono bus para

que as persoas que non teñan recursos poidan utilizar o transporte colectivo de maneira gratuíta nesta cidade, iso é responsabilidade, e para nós esa é a necesidade que teríamos que estar atendendo hoxe aquí, teríamos que estar aprobando uns Orzamentos.

Por iso para nós hoxe, esta aprobación duns investimentos non basta en absoluto, e por iso nós non imos apoiala, evidentemente non imos impedir que se executen investimentos nesta cidade, nós por suposto non estamos en contra de contar con seis millóns de euros para investir nesta cidade, pero non nos chega. Na mesma maneira que no caso da conxelación das taxas e impostos desta cidade, nós mostrámonos de acordo con novas taxas a empresas privadas que executen obras nesta cidade, como o caso das empresas de telefonía ou como a taxa que vai gravar o uso das galerías de Navia. Pero non nos basta, temos que facer un esforzo neste momento para atender ás persoas que están sufrindo o desemprego e a falla de recursos, que están sufrindo recortes en servizos básicos como a Sanidade ou a Educación, que están sufrindo recortes en Servizos Sociais por parte da Xunta de Galicia e que están agora mesmo en situación desesperadas, persoas que se quedan sen vivenda, que están na rúa con fillos/as a cargo, esas son as necesidades que temos atender de maneira prioritaria. Nós non imos aprobar nada mentres non haxa un Orzamento porque isto non é a solución para esta cidade, e imos permitir que se executen pero imos abstermos nesta votación porque hoxe o que quereríamos é estar votando uns Orzamentos. Ademais e especialmente preocupante esta situación, estamos a finais de xaneiro non hai enriba da mesa sequera un proxecto de Orzamentos, non se quixeron debater os ingresos desta cidade a través do debate das taxas e impostos municipais, non se quixeron recoller propostas da oposición nin da cidadanía, e temos agora un orzamento prorrogado coa posibilidade incluso de que para o vindeiro ano nos atopemos coa mesma situación, e grazas a unha medida legislativa do Partido Popular se poida aprobar un Orzamento por parte dun goberno en minoría na Xunta de Goberno.

E isto tampouco é descabellado porque nos atopamos cun apoio a determinadas modificacións orzamentarias por parte do Partido Popular que está facendo que os orzamentos desta cidade non se dediquen realmente as necesidades da cidadanía.

Atopámonos como o Partido Popular e o Partido Socialista chegan a acordos para

amortizar a débeda cos bancos, que precisamente que se diga que se está premiando por parte do Goberno do Estado a boa execución dos Orzamentos por parte dos concellos, creo que se afasta bastante da realidade, o que se está premiando é que os organismos locais e provinciais lle dean liquidez aos bancos, porque quero lembrar que os remanentes das administracións locais e provincias hai que dedicalas fundamentalmente á amortización de débeda para garantir a liquidez dos bancos. Isto foi o que se aprobou neste Concello tamén, o Partido Popular e o Partido Socialista aproban subvencións a billetes de avión pero non a billetes de auto bus para as persoas sen recursos nesta cidade, e agora aproban un plan de investimentos mesmo cunha emenda por parte do Partido Popular que compromete o orzamentos futuros. A emenda do Partido Popular aceptada polo Goberno Local inclúe unha partida que compromete orzamentos futuros, e isto tamén foi aprobado polo Goberno Local. Co cal vemos que hai un compromiso de colaboración entre o Partido Popular e o Partido Socialista para aplicar medidas nesta cidade que están moi lonxe de atender as necesidades reais das persoas que máis o necesitan nesta cidade.

A nós isto non nos vale, non nos chega e por iso hoxe imos absternos nesta votación, saudando investimentos na cidade pero lamentando profundamente que neste Concello co acordo do Partido Socialista e o Partido Popular non se estea atendendo as necesidades reais da cidadanía.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar e antes de comezar co asunto que hoxe nos trae aquí ao Pleno, gustaríanos por de manifesto un tema urxente, importante e grave porque a Federación de Veciños Eduardo Chao que estivo traballando en Vigo durante moito anos, é un movemento veciñal pioneiro en España, que participou incluso na época do Sr. Soto no Regulamento de Participación Cidadá, axudou a fundar a Federación Galega de Veciños e tamén fixeron os estatutos da Federación Nacional de Veciños pois parece ser que vostedes nin o reciben nin lle solucionan un problema moi grave, polo cal a Federación de Veciños debe máis de 100.000, hai máis de corenta monitores sen cobrar dende o mes de agosto que están traballando e o que nos dicía onte un representante veciñal, que deberían ir vostedes as parroquias, a esas asociacións de veciños onde están traballando estes monitores e ver como as persoas maiores estaban gozando e eran felices atendendo a estes cursos e polo súa

culpa, polo capricho do Alcalde, estas persoas xa non están traballando aí. Todo isto vostedes cargárono, nós o que queremos dende o Partido Popular é que vostedes reciban á Federación de Veciños, igual que nós os corporativos somos representantes de tódolos cidadáns vigueses, a Federación de Veciños son representantes das asociacións de veciños e polo tanto dos veciños e deberían de recibilos e arranxar este problema moi grave.

Respecto ao Plan de Inversións e ao Pleno que hoxe vostede nos trae aquí, primeiro dicirille o que significa superávit, que ven do latín “superare” e como todo o mundo sabe é a diferenza entre os ingresos e os gastos durante un período de tempo determinado, aquí estamos falando da diferenza entre ingresos e gastos que houbo no ano 2012, 5.900.000 euros. Cando a diferenza de ingresos e gastos é positiva, é dicir, os ingresos superan aos gastos hai superávit, pero cando a diferenza é negativa, é dicir, cando os gastos son superiores aos ingresos fálase de déficit, déficit é o que nos deixou o Goberno do Sr. Zapatero a tódolos españois e por iso estámolo pagando, é que chama a atención que vostedes falen de rigor, de modélico, de seriedade, son palabras que non cadran cos socialistas Sra. Silva.

Pois saben por que estamos aquí e por que se está celebrando esta Pleno, pois estamos hoxe aquí gracias ás reformas que o Partido Popular impulsou para resolver os problemas dos concellos, esas reformas que antes mencionaba e ás que votan en contra e se manifestan en contra. Vostede votou en contra da Lei que está permitindo que hoxe se realice este Pleno, vostede Sra. Silva, votou en contra da Lei de Control de Débeda Comercial no Sector Público. Pois gracias ás reformas que impulsou o Partido Popular para resolver estes problemas nos concellos como a Lei de Estabilidade, a Lei de Transparencia, a Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, a Lei de Factura Electrónica, a Lei de Control da Débeda Comercial no Sector Público, estas normas, que eran necesarias porque eliminan trabas, acaban co exceso de burocracia e porque implican un funcionamento máis eficaz, eficiente e que polo tanto aforran gasto na administración para que se poida utilizar noutras cousas máis importantes e estas leis que vostedes votaron en contra son as que hoxe permiten aprobar este Plan de Inversións.

O Partido Popular xa o anunciou por coherencia e por responsabilidade vai votar a favor destas obras, porque son necesarias e porque recollen algunhas das

propostas que vimos realizando desde a nosa oposición construtiva. Non se equivoquen, gracias ao Partido Popular construírse un campo de fútbol 11 en Teis, gracias ao Partido Popular. Gracias ao Partido Popular reformarase o estadio de Balaídos, poderase estrear céspede artificial nos campos de Samil e as Travesas, gracias ao Partido Popular haberá melloras nos parques infantís e biosaudables, gracias ao Partido Popular repararanse rúas no centro de Vigo e en moitas parroquias que vostede antes mencionou, e gracias ao Partido Popular tamén algúns accesos aos colexios públicos repararanse, todo gracias ao voto a favor do Partido Popular, por responsabilidade exactamente Sra. Abelairas. Porque o Partido Popular non permitirá en ningún caso que Vigo se paralice por culpa dun Alcalde que non quere ou non sabe presentar e acordar un orzamento municipal que é o que esta cidade merece e necesita.

O que non imos permitir é que insulte á intelixencia dos vigueses cando presume de superávit e néganse a baixar os impostos municipais, porque o Alcalde está propoñendo estas obras co que nos cobra de máis cos seus impostos municipais, non ten ningún sentido estar recadando aos vigueses os impostos municipais máis altos de Galicia, estar machacándoos a multas de tráfico e estarlles cobrando por unha auga que non consume para que logo ao facer as contas ao Alcalde sóbrelle cartos para poñer losetas, non ten ningún sentido. O que este superávit deixou moi claro, ben claro é que mentía o Alcalde cando dicía que o Concello ía a quebrar se se aplicaba a rebaixa fiscal que propuxo o Partido Popular. A nosa proposta suporía unha rebaixa nos impostos inferior a 1,2 millóns en 2014, a rebaixa que nós propuxemos supoñía un menor ingreso de 1,2 millóns e estamos falando que hai un superávit no 2012, que haberá un superávit no 2013 que xa o sabe que o vai haber, e isto significaría que habería ata case cinco millóns que vostedes terían para facer estas obras, aínda lle sobrarían case cinco millóns habendo rebaixado os impostos como pedía o Partido Popular.

Pero vostede en lugar de facerlle un favor a Vigo baixando os impostos, vostede preferiu pensar nas fotos das obras que se vai facer, esas fotos maravillosas, nós ímoslles dar os votos e vostedes levaranse as fotos, que xunto a esas fotos, eses programas en televisión e en radio que pagamos tódolos vigueses, viranlle moi ven para presentarse ás eleccións do ano que ven se é que ganan as primarias que espero que convoque en Vigo. Saben como se leva este Concello a quebra? Facéndolle pagar aos vigueses sentencias de 420.000 euros como a do edificio



Asefal polo seu capricho Sr. Alcalde, este Concello tería boa xestión económica senón provocase sufrimentos innecesarios nos petos dos vigueses para logo xerar superávit, por iso é tan importante facer ben as contas, Sra. Silva, facer contas equilibradas, por iso é tan importante presupostar e presupostar ben. Por iso xa lle advertimos que nunca xamais un plan de inversións vai substituír ao Orzamento Municipal, un plan como este é un parche a súa nefasta xestión e se para planear inversións teñen que estar pendentes de coñecer o superávit ano tras ano, é porque o Alcalde non ten votos suficientes, está en minoría e porque carece dun proxecto de cidade.

Para rematar, Sr. Alcalde, é indecente falar de superávit cando por outra banda vostedes recortan no máis básico, e moi duro ver como estar as persoas de Sereos, tiradas na rúa, aparcadas nunha furgoneta porque vostedes as expulsaron do local, moi duro Sr. Alcalde.

SRA. SILVA REGO: Sr. Fidalgo, asegúrolle que hoxe non vai vostede conseguir que me indigne ante a súa intervención, non o vai conseguir, asegúrollo e sabe por que? Porque Sr. Fidalgo non intente vostede confundir á cidadanía, o Orzamento para o ano 2014 presentárase, Sra. Veloso, debaterase neste Pleno, cando sexa o momento, cando mellor lle conveña aos cidadáns/ás, nese momento farase.

Señores do Partido Popular e señores do Bloque Nacionalista Galego, neste momento non hai ningún cidadán de Vigo que non sexa atendido por este Goberno Municipal, por certo, políticas que son competencia da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado como son as políticas de vivenda, de emprego, políticas sociais, sanitarias e educativas temos que facerlle fronte porque esas administracións si que abandonan cada día dunha forma indigna e si Sr. Fidalgo cunha total indecencia aos cidadáns, facendo unha reforma laboral que lle quita tódolos dereitos aos traballadores, recortando en Sanidade e Educación como nunca se fixo neste país dende que temos democracia, hoxe o número de persoas pobres no noso país pon a un colorado, é unha indignidade e vostedes son os únicos responsables.

Polo tanto, con Orzamento aprobado a día de hoxe ou non, non hai ningún cidadán que non sexa atendido polo Goberno Municipal aínda que non sexa a nosa competencia. Dígollo habitualmente Sr. Fidalgo, fale vostede co Presidente da Xunta de Galicia, co Presidente do Goberno de España, o Sr. Rajoy, e estas

cousas que vostede reclama aquí, reclámeas onde gobernan porque é alí onde están as competencias, dígalles que non recorten no Estado o 45% do financiamento para as políticas sociais, non se pode facer demagogia. Dunha forma ou doutra, con Orzamento para o 2014 ou non, esta modificación orzamentaria teríamos que traela porque é o superávit do ano 2012, e non diga que non coa cabeza, teríamola que traer si ou si.

A min sorpréndeme Sra. Veloso, que vostede me fale de cidadáns de primeira e de segunda, de atención ás parroquias e aos barrios, nunca, e o quero dicir así de claro, nunca na historia desta cidade estiveron tan atendidos e se fixeron tantas obras nos barrios e nas parroquias e non o digo eu, o din os veciños desas parroquias e deses barrios, dino abertamente, escoiten á xente, estean coa xente, saian a rúa. Non hai nada máis que saír a rúa e ver como está a cidade hoxe e como estaba hai seis anos, por certo eu recoñezo que durante catro anos vostedes formaron parte da transformación da cidade señores do Bloque Nacionalista Galego, nunca se saneou a cidade como agora, nunca houbo un abastecemento da calidade que hai hoxe, nunca houbo tantas beirarrúas e nunca houbo tantas políticas sociais e de emprego en Vigo como hoxe, e sábeno, no fagan demagogia.

Sr. Fidalgo, o problema da Federación Veciñal é que hai leis e hai que cumprilas, de forma reiterada os funcionarios téñense dirixido á Fundación Eduardo Chao para que presenten a documentación que permita facer fronte ao compromiso adquirido, o problema non está deste lado, esta non incumprimento da Federación Veciñal.

**VOTACIÓN:** Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adopta o seguinte,

## ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria nº 01/2014 por unha contía de 5.900.000,00 euros, para facer fronte aos investimentos que mais abaixo se relacionan e que teñen por finalidade dar aplicación ao superávit orzamentario obtido da Liquidación dos estados consolidados correspondentes ao ano 2012.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao superávit SEC-95, co límite do Remanente Líquido de Tesourería, cuxo informe de seguimento figura no expediente e está asinado polo Sr. Interventor Xeral.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Recursos, orixes			
Concepto	Antes da mof.	Baixa	Final
87000	65.682.366,91	5.900.000,00	59.782.366,91

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria (Crédito Extraordinario) por un importe de 5.900.000,00 euros, teñen a súa orixe no remanente líquido de Tesourería para gastos xerais deducido da Liquidación dos Orzamentos do ano 2012, polo tanto, conforman un recurso financeiro axeitado para facer fronte á cobertura destas necesidades. O límite da súa utilización, esta constituído polo superávit orzamentario calculado en termos SEC-95, da liquidación do orzamento do ano 2012.

Empregos				
Aplicación	Proxecto	concepto	parcial	Importe
1550.6190060	14155060	Mellora redes e renovación pavimentos no camiño Oia e Roza Oia		30.000,00
1550.6190061	14155061	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Eira Bella Saiáns		30.000,00
1550.6190062	14155062	Mellora redes e renovación pavimentos na entrada Marco Sardoma		27.000,00
1550.6190063	14155063	Mellora redes e renovación pavimentos Camiño Pinguela en Valadares		40.000,00
1550.6190064	14155064	Mellora redes e renovación pavimentos San Cosme Zamáns		65.000,00
1550.6190065	14155065	Humanización Rúa Dr. Canoa		230.000,00
1550.6190066	14155066	Humanización Praza en Martínez Garrido		290.000,00
1550.6190030	14155030	Mellora redes e renovación pavimentos subida a rola en S. Roque		50.000,00
1550.6190035	11155035	Remate humanización Rúa Menéndez Pelayo Fase II		50.000,00
1550.6190036	14155036	Humanización Rúa Toledo e entorno		190.000,00
1550.6190037	14155037	Mellora redes e renovación pavimentos en Lavadores Rúa S. Paio Roteas Gandarón Camiño Fermín Bagunda	20000 70000 10000 70000	170.000,00

1550.6190038	14155038	Humanización Ramón Nieto fronte ao Mercado de Cabral		150.000,00
1550.6190039	14155039	Mellora redes e renovación pavimentos camiño Fondo Castrelos		50.000,00
1550.6190040	14155040	Mellora redes e renovación pavimentos en Coruxo Acceso ao Pavillón Municipal Camiño Gándara	90000 20000	110.000,00
1550.6190041	14155041	Mellora redes e renovación pavimentos en Candeán Subida a Madroa Rúa Manuel Costas Bastos	30000 34000	64.000,00
1550.6190042	14155042	Mellora redes e renovación pavimentos Beade bembrive Rúa Seixo Subida a Monteira	55000 30000	85.000,00
1550.6190043	14155043	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Atlántida Alcabre		50.000,00
1550.6190044	14155043	Humanización Baixada a Ríos e Dr. Corbal en Teis Baixada a Ríos Dr. Corbal	85000 30000	115.000,00
1550.6190045	14155045	Humanización Rúa Coutadas Teis		335.000,00
1550.6190046	14155046	Alonso Ojeda, Teis		240.000,00
1550.6190047	14155047	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Sta. Marina Cabral		30.000,00
1550.6190048	14155048	Humanización Rúa Pedreira fase II		50.000,00
1550.6190049	14155049	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa entrada a Balsa Matamá		30.000,00
1550.6190050	14155050	Mellora redes e renovación pavimentos Rúa Bravo en Navia		17.000,00
1650.6190002	14165002	Melloras enerxéticas sistemas de telexestión no rural		20.000,00
1710.6190010	14171010	Reforma e mellora do Parque infantil de Castrelos		390.000,00
1710.6190011	14171011	Melloras en Parques infantís Navia (Teuxugueiras), San Andrés (Barrio de Casas), Pizarro, Torrecedeira (Pavillón Berbes), Teis (Pedro Alvarado), Alcabre, Matamá (Ribas), Parque Seara, Praza Independencia, Bouzas (Johan Carballeira), Venezuela.		265.000,00
1710.6190012	14171012	Obras de reforma e equipamentos en parques biosaudables Alcabre, Cabral, Navia, Balaídos, Teis, Castrelos, T.de Vigo, Torrecedeira, Coia (Baixada a Fonte dos Barros), Lavadores, Camelias, Castrelos.		150.000,00
1710.6190013	14171013	Melloras e renovación e equipamentos pistas polideportivas en Par. Públicos Matamá Lavadores Torreiro Coia Petanca Valadares Coutadas Teis Outras	25000 50000 15000 50000 80000	220.000,00
1710.6990014	14171014	Nova Pista en Teixugueiras Navia		140.000,00

3210.6320001	14321001	Obras de accesibilidade a colexios Públicos CEIP, Illas Cies	3000	300.000,00
		“ A Dobrada	35000	
		“ Párroco D. Camilo	10000	
		“ Carrasqueira	35000	
		“ Pardo Bazán	35000	
		“ Otero Pedrayo	6000	
		“ Lope de Vega	20000	
		“ Santa Tegra	4000	
		“ Frián	35000	
		“ Sobreira	5000	
		“ Valadares-Igrexa	5000	
		“ García Barbón	3000	
		“ Balaídos	10000	
		“ Beade Coutadas	5000	
		“ Chans	10000	
		“ Santa Marina	5000	
		“ Ría de Vigo	15000	
		“ Mestres Goldar	35000	
		“ Eduardo Pondal	10000	
		“ Sello	4000	
		“ Sárdomna	10000	
34106320010	14341010	Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos		1.000.000,00
34106320011	14341011	Reposición cespced artificial campo futbol de Samil		235.000,00
34106320012	14341012	Reposición cespced artificial campo futbol de Travesas		185.000,00
34106220013	14341013	Novo campo futbol 11 nas Instalacións da ETEA e accesos seguridade edificio Campo de fútbol 11. Accesos de seguridade vestiarios	117000 30000	147.000,00
3360.6190010	14336010	Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello		350.000,00
Total				5.900.000,00

SEGUNDO.- Someter o expediente a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cuales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, éstas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

Unha vez co crédito sexa executivo, procederase a tramitar o expediente de acordo á relación que conforma a aplicación dos recursos.

TERCEIRO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito

extraordinario.

CUARTO.- Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario.

QUINTO: Os posibles maiores gastos do proxecto 14341013 financiaranse mediante a incoación dun expediente de gasto plurianual ou ben mediante as baixas das restantes inversións.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.  
am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.